

Xosé María Díaz Castro é un deses autores que, malia ser recoñecido como un clásico, porén, ten suscitado ben pouca atención crítica nos últimos anos. Mesmo o seu poemario *Nimbos* era de non doado acceso, pois levaba case dúas décadas sen reeditarse.

Así as cousas, a aparición na Colección “Dombate” de Galaxia dunha nova edición de *Nimbos* é unha máis que boa noticia, pois moitas das promocións últimas de lectores seguramente houberon ter complicado coñecer a obra do de Guitiriz máis alá do decote antologado “Penélope”.

Fican fóra desta consideración de carestía analítica os meritorios traballos de Alfonso Blanco Torrado e algúns artigos puntuais de Xabier Castro Rodríguez, Manuel Xosé Neira López ou Francisco Fernández del Riego, quen significativamente titulaba un seu artigo do pasado xuño nun xornal coruñés “Díaz Castro, medio esquecido”.

E é que, alén dos versos de *Nimbos*, é moi escasa a divulgación do labor autorial do guitiricense e incluso de socalcos fundamentais da súa vida. De feito, non é estraño ler en monografías, historias e manuais de literatura as datas de nacemento e morte erradas e, cando non se lle fai nacer tres anos tarde, é adoito defuntalo ata once anos antes.

Cantos lembran hoxe que Díaz Castro (1914-1990) foi tamén autor de *Nascida d’un sonho*, opúsculo imprentado pola emblemática Celta de Vilagarcía en 1946? Cantos coñecen que foi poeta de Preguerra en xornais e revistas lucenses?

✱ GALLAECIAN METAL COMPILLATION:

Á FALA CO GRUPO TRASHNOS / Páx. III

✱ EXPOSICIÓN: “ALÉGRAME O DÍA”,

PINTURAS DE ROSA ÚBEDA / Páx. VI

✱ “DREAMGIRLS”: CINEMA NO ASALTO

AO SOÑO AMERICANO / Páx. VIII

Sábese das súas colaboracións poéticas na prensa da Posguerra (máis numerosas, en volume total, que os trinta e dous senlleiros poemas do seu libro) que fican espalladas en cabeceiras galegas, madrileñas, catalás...? Coñécese a súa faceta de prosista humorístico nas páxinas de *La Hoja del Lunes* da Coruña nos anos corenta? E as súas colaboracións periodísticas en *El Pensamiento Navarro*? E,

sobre todo, tense presente que foi un dos maiores políglotas da Península no seu tempo, tradutor profesional do CSIC e coñecedor da práctica totalidade das linguas europeas, versionador ao castelán e galego de autores como os nórdicos Heidenstam, Pontoppidam e Jensen, o inglés Chesterton ou o alemán Rilke?

Daquela, esta reedición de *Nimbos* figúraseme máis que oportuna, máxime cando quen se responsabilizou dela foi o filólogo e editor Carlos Lema, quen manexou para a fixación textual os dous mecanoscritos do poemario (o orixinal enviado á editora polo poeta e o mais o revisado en probas) e partiu como texto

base da edición primeira de 1961. O resultado é unha nova edición (en sentido estrito -por conter modificacións e novas opcións de lectura- a cuarta, logo da de 1961, a bilingüe galego-castelá de 1982 e a máis recente de 1989, non así en sentido amplo, pois existiron tamén exemplares re-cuberteados no propio 1961 distintos aos orixinais e aínda outra reimpresión divulgativa vendida a canda o exemplar dun xornal no 2002) porticada por unha “Nota do editor” onde se informa de cuestións ecdóticas como a actualización do sistema acentual e doutros signos gráficos, a máis da supresión de “contados castelanismos” e do troco dalgunhas metáteses, restituíndo para o restante o escrito en 1961.

Esta edición de *Nimbos* (da que, por certo, se fixo tamén unha tirada non venal custeada polo concello de Guitiriz, con diferente cuberta e

que incorpora un breve, pero moi informativo, prólogo de Blanco Torrado) amósase como un volume no que tentou extremarse o rigor editor e, còmpre salientalo, conseguiu en grande medida. Mágoa que a asistematicidade na supresión de certos castelanismos, vulgarismos e dialectalismos desdebuxen unha miga ese labor case impecable (corríxense “ezquina” ou “alteirar” pero mantéñense “Pinitencia” ou “ademetido”; nuns poemas deixáronse “rosto” ou “nau” e noutros non; respectouse o plural do bloque central pero hai ocorrencias tipo “algúns” ou “uns”; non se aceptou “coñecer” pero si “enganar”; incluso conviven formas como “língua” e “lingoa” e, nun mesmo poema, “clara” e “crara”...).

Así pois, os *Nimbos* diazcastrianos volven brillar aquí con todo o seu esplendor, confirmando o poeta como unha das máis singulares voces literarias do pasado século e persuadindo coa manifesta calidade da súa obra da necesidade de revisitármolo.

Versos de Ítaca

Presenza de Díaz Castro



ARMANDO REQUEIXO

